



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.
15970 PORTO DO SON (A Coruña)
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

FEDERACION PROVINCIAL DE
COFRADIAS DE PESCADORES DE A CORUÑA

29 JUN. 2017

SAÍDA DE DOCUMENTOS

Núm. 125.-

FAX

DE : SR. PRESIDENTE DE LA FEDERACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

PARA : SR/A. PATRÓN/A MAYOR DE LA COFRADÍA DE PESCADORES

FECHA: 29/06/2017

FAX N°

ASUNTO: PLAN BOLICHE XULLO, AGOSTO, SETEMBRO E OUTUBRO 2017

TEXTO

Adjunto tengo a bien enviarle por correo electrónico, copia de la Resolución del 27 de junio de 2017 de la Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica por la que se autoriza el Plan de Gestión con Arte De Boliche entre los meses de julio y octubre de 2017

Lo que comunico para su conocimiento y traslado a los interesados.



EL PRESIDENTE

Fdo/ MANUEL DANIEL FORMOSO MOLEDO

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740**RESOLUCIÓN DO 27 DE XUÑO DE 2017, POLA QUE SE AUTORIZA O PLAN DE XESTIÓN COA ARTE DE BOLICHE ENTRE OS MESES DE XULLO E OUTUBRO DE 2017.**

O artigo 117 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que o uso do boliche só se permitirá logo da aprobación do oportuno plan de xestión entre os meses de xullo e outubro.

En base ao disposto no citado artigo,

RESOLVO:

Autorizar o plan de explotación coa arte de **boliche** en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, baixo os seguintes termos e condicións.

- 1. Participantes.** Unicamente participarán no plan as embarcacións que estean en posesión do permiso de explotación en vigor no que lle figure recoñecido o dereito a faenar coa arte de **boliche**.
- 2. Arte.** A arte a utilizar será o **boliche**, nas condicións establecidas nos artigos 114 ao 117 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 3. Especies.** A especie obxecto de captura será a lura e especies acompañantes, que deberán estar en época de extracción e superar a talla mínima.
- 4. Época autorizada e horario.** De acordo co disposto no artigo 116 do citado Decreto, o período autorizado de uso da arte abrangue os meses de xullo, agosto, setembro e outubro de 2017. O horario será exclusivamente diúrno, do orto ao ocaso e de luns a venres.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdifícios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

5. Zona de pesca. A zona de pesca abranguerá as augas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, entre o paralelo que pasa por Punta Carreiro (Monte Louro) e Cabo Silleiro, situadas por dentro das liñas de base definidas no Real Decreto 2510/1977, do 5 de agosto, sobre trazado de liñas de base recta en desenvolvemento da Lei 20/1967, do 8 de abril, sobre extensión das augas xurisdicionais españolas a 12 millas, a efectos de pesca.

6. Punto de control. Zonas de pesca, portos, centros de descarga, lonxas e centros de venda autorizados.

7. Control e seguimento da actividade pesqueira.

a) Despachos telemáticos. Deberán despachar as embarcacións no apartado de **adhesión a plan de explotación**: ["BOLICHE (13A) PLAN BOLICHE 2017 (C.A. GALICIA)"]. Polo tanto, as embarcacións que despachen a un **plan de explotación** só poderán faenar no mesmo día no ámbito do correspondente plan, e non poderán usar ningunha outra arte que teñan no seu permiso de explotación.

Por outra banda, advírtese que, ao remate da vixencia deste plan, se non se realiza un novo rexistro de actividade pesqueira a embarcación pasará á situación de "**pendente rexistro actividade**".

b) Remisión de datos de capturas. Con periodicidade **mensual** a confraría deberá remitir datos diarios de extracción por especie, utilizando como modelo o que como **Anexo** se acompaña, ao Servizo de Pesca da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, vía fax (981544740) ou correo electrónico á dirección serviciopesca@xunta.es. A **non** inclusión de datos dalgunha das embarcacións no período estipulado terá como consecuencia a súa baixa definitiva do plan.

c) Mostraxes. Durante o período de vixencia do plan, técnicos da Consellería poderán realizar en calquera das embarcacións autorizadas, mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan; os armadores deben colaborar de tal xeito que se permita acadar os obxectivos propostos. **A falta de colaboración neste eido ocasionará a baixa definitiva do plan.**


8. Extracción e comercialización. A presente Resolución queda condicionada ao estrito cumprimento da normativa vixente en materia de extracción e comercialización de produtos da pesca fresca.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740


9. Infraccións e sancións. O incumprimento das condicións establecidas neste plan, poderá ser sancionado segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2017
A Conselleira do Mar



Rosa M. Quintana Carballo



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Edificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740




ANEXO

DECLARACIÓN DE CAPTURAS DE EMBARCACIONES

NOME DO PLAN: _____ ANO: _____ MES: _____ HORARIO: _____

Nº CFPO	NOME EMBARCACIÓN	MATRÍCULA E FOLIO	T.R.B	NASAS (1)	Nº TRIPULANTES	Nº DÍAS TRABALLADOS	ZONA EXTRACCIÓN	ESPECIE (2)	KG



(1) A CUBRIR UNICAMENTE NAQUELES PLANS NOS QUE SE EMPREGA ESTA ARTE.
(2) CANDO UNHA EMBARCACIÓN CAPTURE VARIAS ESPECIES NO MESMO MES DEBERÁ CUBRIRSE UNHA CASILLA POR CADA ESPECIE.